

O deporte santiagués vive a súa gran festa

Na gala presidida no Auditorio pola alcaldesa, Goretti Sanmartín, entregáronse doce galardóns a Borja Golán, Luis Penido, Iria Nieto, Julia Salvado, Lucas García Picón, Jael, Aspanaes, Asociación Española contra o Cancro, Club Natación Ciudad de Santiago, Gonzalo Rodríguez e Víctor Pérez, Chus Blanco e Tuxeleires



Os premiados e as premiadas na foto de familia con Iria Nieto, pola esquerda, Julia Salvado, Lucas García Picón, Ignacio Labella (Aspanaes), Francisco Pais (Asociación Española contra o Cancro), Óscar Fraga (Club Natación Ciudad de Santiago), José María Fernández (Joyería Jael), Luis Penido, Borja Golán, José Luis Veiga, Víctor Pérez, Gonzalo Rodríguez, Begoña del Río (Protección Civil), Jesús Pérez (Policía Local), María de los Ángeles Barral (Tuxeleires) e Chus Blanco / JESÚS PRIETO

VÍCTOR FURELOS Santiago

Os VI Premios Santiago Deporte celebraron este pasado luns na sala Mozart do Auditorio de Galicia a súa gran gala para entregar os galardóns das 12 categorías desta edición, cos que se busca recoñecer publicamente as persoas, entidades, centros educativos e empresas que polo seu labor desenvolvido ao longo da tempada 2022/23 ou no ano 2023 contribuíron ao fomento da práctica de actividade física e o deporte entre a poboación de Compostela.

A gala foi presentada por Federico Pérez e Lorena Pose, acompañados dunha intérprete de signos, sendo os encargados de dar paso a cada un dos galardoados.

Os primeiros en subir ó escenario foron os representantes da Policía Local e de Protección Civil, Jesús Pérez e Begoña del Río, respectivamente, para recoller unha mención especial polo labor que realizan nos eventos deportivos da cidade. Os encargados de entregarlle o diploma foron o concelleiro Xan Duro e o presidente da federación Galega de Atletismo, Iván Sanmartín.

A continuación a concelleira de Deportes, Pilar Lueiro, entregou a outra mención especial da noite, que recaeu en José Luis Veiga, quen foi xogador, mestre de xadrez da USC desde hai varias décadas e ata seleccionador e que se encargou de transmitir o seu saber os mellores xogadores galegos.

A gala seguiu adiante coa entrega do recoñecemento ao patrocinio deportivo. Javier Maroño, director de COPE Galicia, foi o encargado de entregarlle a José María Fernández, como xerente de Joyería Jael, que pres-

ta axuda a varios clubs de disciplinas encadradas no que se da por chamar deportes minoritarios como golf, pádel, hípica, surf... e que desempeña desde hai máis de dez anos un papel fundamental na promoción e soporte económico do club Viravolta ademais de ser fundamental para a organización en Santiago do torneo máis importante de ximnasia rítmica de España que este ano trouxo a Santiago á campioa mundial Darja Varfolomeev.

Tamén acudiron á gala os representantes da Asociación Española contra o Cancro que foi premiada como promotora da mellor actividade ou acción social. Modesto Rouco, da Secretaría Xeral para o Deporte, entregou o galardón a Francisco Pais, presidente da asociación en Santiago.

A entidade educativa galardoada foi Aspanaes xa que participa en numerosas actividades deportivas como a carreira Enki Proxecto, nata-

ción ou andainas coa intención de promover o deporte como medio de lecer e de integración social. Ignacio Labella Lozano, presidenta de Aspanaes, recolleu o galardón que lle ofreceu o concelleiro Gonzalo Muíños.

A entidade deportiva máis destacada desta edición foi o Club Natación Ciudad de Santiago, recibindo o seu presidente, Óscar Fraga, o premio da mans de Manuel García Reigosa, de La Voz de Galicia.

Cando tocou entregar o galardón ao adestrador máis destacado, subiron dúas persoas ó escenario do Auditorio xa que o xurado premiou a Víctor Pérez e Gonzalo Rodríguez, axudantes de Moncho Fernández no Obradoiro CAB. Javier Rico Delgado, delegado de deportes da USC, e Carmen Fernández, directora comercial de EL CORREO GALLEGO, foron os encargados de entregarlles as recompensas.

No eido feminino recoñeceu o labor como árbitra de Chus Blanco Ar-

nejo, tamén na modalidade deportiva do baloncesto, e que despois de case catro décadas como oficial de mesa recibiu o premio de man de Ramón Castro, de Onda Cero.

En canto ao deporte adaptado, o xurado premiou ó equipo de rugby inclusivo Tuxeleires, creado en 2022 por mor dun proxecto da Escola de Tempo Libre e Animación Sociocultural Don Bosco. Esta entidade conta con 35 persoas con diferentes idades, xéneros e capacidades para disputar o seu primeiro partido en xuño 2023. O deputado provincial Antonio Leira fixo entrega do galardón a María de los Ángeles Barral, presidenta do clube, que rematou a súa intervención facendo a todos os asistentes partícipes do lema do clube: "Se non xogamos todos pinchamos o balón".

No apartado de deportista feminina categoría base distinguíuse á atleta nas modalidades de mushing, atletismo e montaña Julia Salvado Diéguez. Compite co Club Acade e un dos seus maiores logros foi a medalla de bronce no Campionato do Mundo de Mushing Terra Junior, ademais de conseguir un ouro e unha prata nos Campionatos de España. A concelleira Miriam Louzao foi quen lle entregou o premio nun dos momentos máis curiosos da gala, pois subeu ao escenario con Ryder,

a cadela coa que compite.

O galardón ao mellor deportista masculino, tamén categoría base, foi entregado por Toño Bermúdez, da Cadena SER, ao triatleta Lucas García Picón, quen viviu un ano con grandes éxitos como o título mundial no grupo de 15 a 19 anos ou a medalla de bronce no Campionato de Europa 2022, ao que ten que sumar o terceiro lugar no Campionato de Europa Relevos Mixtos Youth conseguido coa selección española. E ademais foi profeta na súa terra xa que se convertiu no mellor xuvenil na Carreira Pedestre de Santiago. Con todo, o ano torceuse cando nun adestramento con compañeiros do Centro de Tecnificación Deportiva de Pontevedra sufriu un gravísimo accidente que mesmo puxo en perigo a súa vida e do que, afortunadamente, xa se vai recuperando aos poucos.

En categoría absoluta, acudiu a recoller o seu galardón da man de Álvaro Veiga, de Radio Líder, como mellor deportista feminina a ciclista Iria Nieto Romero, que se formou no Club Ciclista Compostelano. Neste último ano proclamouse campioa galega de ciclocrós Master 30 e realizou unha magnífica tempada na que subiu ao podio nun total de doce probas.



O piloto de ralis Luis Penido, mellor deportista masculino, e a ciclista Iria Nieto, mellor deportista feminina, intercambiaron os seus cascos / L.P.

VÉN DA PÁXINA ANTERIOR

FOTOS: JESÚS PRIETO



Goiretti Sanmartín entregou a Borja Golán o seu premio.



Lucas García recibiu a medalla de mans de Toño Bermúdez.



Miriam Louzao e Julia Salvado coa cadelita 'Ryder'.



Antonio Leira premiou o traballo de Tuxeires.



Ramón Castro entregou a Chus Blanco o diploma.



Víctor Pérez e Gonzalo Rodríguez entre Javier Rico e Carmen Fernández.



Manuel Reigosa premia o Club Natación Ciudad de Santiago.



O edil Gonzalo Muíños deu o galardón de Aspanaes.



Modesto Rouco premiou á Asociación contra o Cancro.



Javier Maroño, da Cope, con Jose Mª Fernández, de Jael.

En categoría masculina subiu o escenario na busca do seu premio, entregado polo concelleiro José Ramón de la Fuente, o piloto de ralis Luis Pénido, quen atesoura unha experiencia de máis de 25 anos infestados de éxitos e que na última tempada logrou o título nacional de Montaña Categoría 5A e foi segundo no Campionato Europa de Montaña. Ademais, no seu afán por cooidar o medio ambiente e loitar pola pegada cero de carbono impulsou unha plantación de árbores na alameda compostelá.

Por último, o premio honorífico desta sexta edición da Gala do Deporte de Santiago á traxectoria deportiva foi para Borja Golán, quen abando-

nou a práctica deportiva do squash despois de lograr dous títulos continentais, 17 campionatos de España e ser o único xogador español da historia no top 10 mundial (chegou a ser quinto). A alcaldesa compostelá, Goiretti Sanmartín, foi a encargada de entregar este último galardón e de pechar o acto asegurando que “é moi positivo para a cidade contar con un embaixador coma Borja”.

A propia alcaldesa aproveitou para sinalar que Santiago é unha cidade na que se practica moito deporte, concluíndo ademais que valores coma “o esforzo, a solidariedade ou o traballo en equipo, dende o mundo do deporte, axudan a facer unha mellor sociedade”.

Sofía Toro explicou o plan para que Galicia teña dous millóns de persoas facendo deporte

VÍCTOR FURELOS
Santiago

A medallista de ouro olímpica Sofía Toro ocupa na actualidade a xerencia do Cluster do Deporte de Galicia, que afronta agora o reto de conseguir que en Galicia cheguen a practicar deporte dous millóns de persoas, e no que xa está moi involucrado o Concello de Santiago.

Sofía Toro deu a coñecer os datos dun estudo que calcula que o 46%

da poboación galega practica deporte de xeito regular e as estimacións falan de que cada un deles fai un gasto de 200 euros ó ano.

Para acadar este obxectivo o Cluster trata de involucrar tamén ós Concellos –o de Santiago xa está en marcha– para entre todos conseguiren unha poboación moito máis san grazas sobre todo á práctica deportiva, o que tamén suporá un aforro importante no eido sanitario.



Sofía Toro na súa intervención.



Policía Local e Protección Civil recollen as mencións.



José Luis Veiga amosa o diploma coa edil Pilar Lueiro.

VÍCTOR FURELOS
Santiago

PILAR LUEIRO concelleira de Deportes

A edila santiaguesa está convencida de que “esta Gala permite amosar o moito que o deporte contribúe a construír unha Compostela máis inclusiva, igualitaria, participativa, competitiva e inspiradora”

“O deporte fainos soñar e vibrar, fainos sentir orgullo de éxitos que sentimos como colectivos”



“

Gustariame ver as campioas mundiais de fútbol no Vero Boquete e con Vero Boquete polo que ela significa para a cidade e para o fútbol feminino”

“Nas instalacións de xestión municipal practican actividades un total de 85 entidades, nos campos de fútbol de xestión municipal practican actividades un total de 85 equipos cun uso estimado de 400 horas á semana, mentres que os pavillóns teñen un uso de 800 horas á semana. —Como axuda o Concello aos clubs da cidade? —Con medios e en instalacións totalmente gratuítas e gran parte do orzamento do departamento de deportes vai á liña de axudas económicas para clubs. —Para que os clubs e os deportistas poidan seguir medrando precisan duns adestramentos de calidade. Está Santiago preparado para ofrecer ás persoas que practican deporte unhas instalacións adecuadas? —Adecuadas si, mais somos conscientes de que non se cobren todas as demandas e é niso a onde queremos destinar máis esforzos. —Que instalacións considera que faltan na cidade? —Compostela ten moita infraestrutura deportiva distribuída por boa parte do territorio que implican miles de persoas. Cómpre completar ese mapa e estamos traballando para lograrlo. Un exemplo será a nova gran instalación na zona de Santa Marta, coa que estamos avanzando. —Que plans ten a concellería de aquí a final de mandato? —Traballar en todos os eidos posibles para que Compostela se recoñeza como a capital do deporte, incrementar o número de instalacións e axudar a que se practique máis deporte. —Amosando a alta competición

“Destacaría as probas de atletismo polo interese que xeran. A pedestre é unha gran festa, e a San Silvestre pero calquera das Corresan son esperadísimas”

O Concello de Santiago recuperou a súa Gala do Deporte, na que fai un recoñecemento público a aquelas persoas, entidades, centros educativos e empresas que destacaron ó longo do ano. Un xurado imparcial no que participan un representante de cada grupo político con presenza no goberno local e un profesional de cada medio de comunicación con sede na cidade avalía os merecementos de todos os candidatos nas distintas categorías para que o acto de entrega de premios se converta nunha gran festa do deporte compostelán. A concelleira de Deportes, Pilar Lueiro, foi quen de impulsar a recuperación deste importante evento coa idea de mantelo en anos sucesivos.

—Que cualificativo lle merece a Gala do Deporte?

—Esta cita concíbese co obxecto de recoñecer e distinguir deportistas e entidades compostelás polo seu traballo e polos seus éxitos no ano anterior. Os recoñecementos que se entregan nesta Gala son unha forma de visibilizar e poñer en valor deportistas, adestradores, xuízas, clubs deportivos, patrocinadores e entidades educativas e sociais que, nos seus respectivos ámbitos, son referentes e exemplo a seguir. Outorgar estes recoñecementos nun acto público tamén permite amosar o moito que o deporte contribúe a construír unha Compostela máis inclusiva, igualitaria, participativa, competitiva e inspiradora.

—Está previsto que teña continuidade?

—Despois duns anos de parón, a nosa idea é darlle continuidade e que sexa unha cita fixa no calendario anual porque cada ano e cada tempada ten as súas protagonistas e, ao igual que noutras disciplinas, é de xustiza recoñecerlas pola súa contribución á sociedade. Porque o deporte non só beneficia a quen o practica senón que ten beneficios para toda a comunidade: o deporte fainos soñar e vibrar, fainos sentir orgullo de éxitos que sentimos como éxitos colectivos e ademais leva o nome de Compostela polo mundo.

—Houbo doce premiados máis dúas mencións especiais pero poderían ser máis, cando chegou á concellería pensaba que en Santiago había tanta calidade?

—Sabía que había moita calidade. Sempre me gustou o deporte e trataba de estar informada do que pasaba na cidade, é certo que con máis atención ao que me gustaba coma o fútbol, baloncesto, atletismo e deportes de auga. Coñecía o nivel do ciclismo, da rítmica e da patinaxe por xente próxima. E teño que recoñecer que descoñecía o nivel do hóckey.

—Na variedade din que está o gusto. Con equipos en numerosas disci-

plinas aínda que a maioría en categorías modestas, fáltanlle a Santiago probas de alta competición?

—Que é a alta competición? Temos campionatos de Europa, por exemplo de loita, campionatos de España, campionatos galegos... se cadra non son as disciplinas que máis repercusións teñen, mais alta competición temos.

—Que probas destacarías das que se celebran na cidade?

—Destacaría as probas de atletismo polo interese que xeran. A pedestre é unha gran festa, e a San Silvestre pero calquera das Corresan son esperadísimas...

—Gustaríalle traer á cidade algunha competición en concreto? —As mellores competicións para

a nosa cidade é ver os nosos equipos xogando as finais nas súas respectivas ligas e os nosos deportistas e as nosas deportistas no máis alto do pódium. Tamén é certo que me gustaría ver as campioas mundiais de fútbol no Vero Boquete e con Vero Boquete polo que ela significa para a cidade e para o fútbol feminino.

—Amosando a alta competición

sempre se gaña afección e impúlsase a práctica deportiva, pero non se debe esquecer a canteira. Ten Santiago futuro no deporte?

—Por suposto que si. En Compostela hai un número importantísimo de persoas federadas nun amplo abano de disciplinas, en todas as idades e categorías, que practican deporte ao largo e ancho do termo municipal, tanto na cidade como nas parroquias. Por poñer un exemplo cuantitativo, podemos dicir que só nas instalacións de xestión municipal practican actividades un total de 85 entidades, nos campos de fútbol de xestión municipal practican actividades un total de 85 equipos cun uso estimado de 400 horas á semana, mentres que os pavillóns teñen un uso de 800 horas á semana.

—Como axuda o Concello aos clubs da cidade?

—Con medios e en instalacións totalmente gratuítas e gran parte do orzamento do departamento de deportes vai á liña de axudas económicas para clubs.

—Para que os clubs e os deportistas poidan seguir medrando precisan duns adestramentos de calidade. Está Santiago preparado para ofrecer ás persoas que practican deporte unhas instalacións adecuadas?

—Adecuadas si, mais somos conscientes de que non se cobren todas as demandas e é niso a onde queremos destinar máis esforzos.

—Que instalacións considera que faltan na cidade?

—Compostela ten moita infraestrutura deportiva distribuída por boa parte do territorio que implican miles de persoas. Cómpre completar ese mapa e estamos traballando para lograrlo. Un exemplo será a nova gran instalación na zona de Santa Marta, coa que estamos avanzando.

—Que plans ten a concellería de aquí a final de mandato?

—Traballar en todos os eidos posibles para que Compostela se recoñeza como a capital do deporte, incrementar o número de instalacións e axudar a que se practique máis deporte.

LUIS PENIDO Piloto de ralis. Mellor deportista masculino

“Considérome un privilexiado por desfrutar deste deporte durante tanto tempo”

Despois dunha tempada 2023 renovando o título de Campión da Copa de España de Montaña da Clase 5A, e competindo ademais esporadicamente no Campionato de Europa, o equipo Luis Penido Rally Team aspira a retos máis ambiciosos para este ano



VICTOR FURELOS
Santiago

—Que supuxo para Luis Penido o Premio de Mellor Deportista Masculino en 2023 polo Concello de Santiago?

—En primeiro lugar supuxo unha gran sorpresa, xa que nin o soñaba. Realmente aínda non o teño asimilado, pero é un recoñecemento para todo o noso equipo e as persoas e entidades que nos apoian dalgún xeito. Tamén para os que o fixeron durante todos os anos da nosa traxectoria deportiva practicando automobilismo en distintas modalidades. Síntome un privilexiado, practico o deporte que me encanta e ademais rodeado de moi boa xente e con moitísima afección aos ralis detrás. Cando compites fóra, poder presumir de que eres de Santiago de Compostela é unha pasada, pero é que ademais agora poderemos mesmo dicir que nos premiou o Concello de Santiago, aí é nada!!

—Sorprende ver ao equipo de Luis Penido plantando árbores autóctonas na Alameda de Santiago de Compostela. A que foi debido?

—No Luis Penido Rally Team, ademais de na competición, tamén cremos na Responsabilidade Social Corporativa (RSC) do equipo. E, por iso, queremos levar un paso máis aló a responsabilidade do equipo, non só na preservación do medio ambiente senón tamén con accións de concienciación coa sociedade da que formamos parte. E un dos eixos centrais da nosa estratexia de RSC xira arredor de compensar o impacto ambiental das nosas competicións nos Campionato de Europa e de España de Subidas de Montaña en 2023. Comprometémonos hai un ano a plantar 100 árbores autóctonas, para lograr unha pegada de carbono cero, e apetecíanos facelo na nosa cidade. En canto se nos deu o permiso, así o fixemos, comprometéndonos ademais a repetir a finais de 2024 con, alomenos, outras 100 árbores para os parques de Santiago. Agradecemos moito as facilidades dadas polo Concello para levarlo a cabo. Ademais, refrendando o noso compromiso ambiental, competimos en Bilbao o ano pasado cun Mini 100% eléctrico na proba do Campionato do Mundo de enerxías alternativas da FIA logrando, por sorpresa, o primeiro posto en eficiencia enerxética. En setembro esperamos repetir neste Mundial na proba que se celebrará na Coruña. E, como primicia, podó dicir que a intención dos organizadores é que es-

tá proba do Mundial pase por Santiago nunha parte do seu percorrido.

—Como se mantén a motivación despois de 28 tempadas de competición?

—Supoño que inflúen moitos factores, pero a paixón e a ambición por ser máis competitivos, e rodearse dun gran equipo, é fundamental. A resiliencia e a capacidade de superación son vitais, xa que con frecuencia algo se torce e non ves premiado o esforzo. Considérome un privilexiado por gozar deste deporte durante tanto tempo. Cando empezamos non imaxinabamos chegar onde chegamos e estamos moi motivados e preparados para retos máis ambiciosos.

—Que se necesita para ser competitivo e gañar?

—Neste deporte para conseguir bos resultados de forma sostida tes que aliñar correctamente moitos factores e algúns deles non dependen exclusivamente de ti, pero sen un bo equipo é absolutamente imposible lograr as metas. Realmente, un equipo de competición xestiónase como unha empresa e sácanse grandes aprendizaxes e coñecementos de aplicación noutros ámbitos para lograr as metas e obxectivos planificados. Aquí a experiencia é un grao. A competitividade do vehículo, ademais da súa fiabilidade inflúen moito. Que o custo de adquisición e o seu mantemento sexan afrontables a medio prazo. Dispoñer de tempo e medios tamén, e dunha forma sostida xa que ninguén naceu aprendendo e a experiencia é moi importante. Unha boa asistencia técnica para revisións, postas a punto e axustes en carreira. Comunicar o proxecto deportivo, antes, durante e despois das competicións... E moitas cuestións máis que, como se pode apreciar, é imposible que sexan desempeñadas só polo piloto. No equipo cada persoa ten os seus labores e se falla no desempeño dos mesmos, pode dar ao traste o resultado deportivo. Por iso aquí é tan importante a experiencia e o equipo. Por exemplo, vémosto con Carlos Sainz quen, probablemente, xa non sexa o piloto máis rápido pero, rodeado dun gran equipo, poñendo en valor a súa experiencia e talento e esixindo o máximo a quen lle rodea, segue sendo o máis completo. Por iso volveu a gañar o Dakar.

“

A resiliencia e a capacidade de superación son vitais, xa que con frecuencia algo se torce e non ves premiado o esforzo”

—Como leva o deserpiloto e deportista en Santiago?

—Síntome moi orgulloso da miña cidade e recoñezo que non a cambiaría por outra. Estudei no Colexio San Jorge, no Instituto Rosalía de Castro e na USC. Traballo en Santiago desde hai máis de 25 anos ocupándome, actualmente, da xerencia de Trameve e Cualicar e, a maiores, formo parte do Pleno da Cámara de Comercio de Santiago. Encántame pasear por Santiago e teño aquí centos de amigos e coñecidos. Pero hei de recoñecer que en Santiago é moi difícil ser piloto de competición e, realmente, somos moi moi poucos os que aguantamos o tirón. Historicamente, houbo pouco apoio económico e social ao deporte en xeral e ao automobilismo en particular. Hai pequenos pobos como Noia, Lalín ou Narón, por poñer algún exemplo, onde teñen un rali consolidado no campionato galego e que contan con máis de trinta pilotos e copilotos locais. En Santiago seremos pouco máis de cinco ou seis, sendo moitos máis habitantes.

—Por que estades a competir co Mini?

—O tempo demostrounos que elixir o Mini foi un acerto. É un vehículo distinto e publicitariamente moi atractivo, xa que se ven moi poucos en competición. Ademais o seu custo de mantemento por quilómetro de competición é bastante máis contido que o doutras monturas e iso sempre é de agradecer. Este deporte é moi caro e hai que xestionar economicamente todo moi ben porque senón é inviable.

—Que calendario de competicións tendes para esta tempada?

—Pretendemos competir en tantas probas do Campionato de Europa de Montaña que o orzamento nos permita e comezar xa en Rechberg (Austria) a finais do mes de abril. Por suposto, repetir en Saint Ursanne (Suíza), Rampla da Palperra (Portugal) e Fito-Arriendas (España), salvo causa de forza maior que o impida. O orzamento será determinante, así que faremos como sempre e, como di o noso director deportivo, “esforzaremos como un chicle” e seguiremos remando para reforzar o orzamento. Obviamente, os nosos proxectos deportivos non serían posibles sen os nosos incondicionais patrocinadores e colaboradores. En 2023 foron 16 firmas, case todas galegas, e en 2024 aspiramos a captar máis, para ampliar as nosas competicións europeas. Os equipos europeos contra os que competimos están moi preparados e algúns levan varios anos seguindo o campionato co que, ademais, xa coñecen os trazados moi ao detalle. Polo que podemos apreciar, son trazados cunha media de velocidade bastante máis alta que en España e en Galicia, o que supón unha dificultade engadida o primeiro ano que compites nestes trazados. En Saint Ursanne fixe-

mos unha velocidade media de 125 km/hora, tendo en conta que partimos desde parado e cara ao final hai tres pinzas lentas, o que implica que no tramo intermedio imos moito tempo en sexta a fondo e rolando o 200 qm/hora con zonas de curvas e contracurvas. Na primeira pasada quedei impresionado.

—Que ten de especial a disciplina de montaña con respecto aos ralis?

—Todas as disciplinas ten as súas peculiaridades e hai que adaptarse a elas. Nas probas de subidas de montaña non leva copiloto, polo que tes que aprenderche de memoria o trazado. Ademais, como a quilometraxe dos tramos cronometrados é máis reducido, as diferenzas en tempos cos rivais son menores e o ritmo ten que ser moi alto desde o primeiro metro ata o último. Por establecer un paralelismo, é como unha proba de atletismo de 100 metros lisos. É dicir, son probas ao sprint. Os ralis son máis longos, con tramos máis sucios, con fochancas, pedras, humidades, saltos... e hai que improvisar máis. Así sen copiloto sería imposible, xa que non es capaz de memorizar 100 quilómetros cronometrados sen dúbida nalgunha zona. Tamén se gozan moito. O ambiente entre os equipos no CEM e no EHC é moi cordial e, aínda que todo o mundo sae a gañar, non adoita haber conflitos entre equipos. En canto aos espectadores, en ambos os tipos de probas hai miles de persoas seguindo a pé de estrada o devir de próbalas pero, a diferenza dos ralis, nas probas de montaña eses miles de persoas non se dispersan por múltiples tramos senón que se concentran en 4 ou 5 km de estrada, polo que publicitariamente tamén son moi interesante para calquera patrocinador.

IRIA NIETO. Ciclista. Mellor deportista feminina

“Este premio faime pensar que se te recoñecen o esforzo paga a pena continuar e intentar acadar máis títulos”

Xogaba ó fútbol e hai dous anos, e con 36 xa cumpridos comenzo a practicar ciclocrós animada pola súa parella. Os doce podios conseguidos no último ano demostran que a decisión foi máis que acertada

VICTOR FURELOS
Santiago

Iria Nieto desfrutaba xogando ó fútbol no seu pobo de Val do Dubra ata que unha inoportuna lesión apartouna dos terreos de xogo, pero a vida tiñalle preparada unha sorpresa. A súa parella practicaba ciclismo e de tanto acompañalo ás competicións decidiuse a subir a bicicleta animada por el. Debutou no ciclocrós hai dous anos cando xa tiña cumpridos os 36 anos e xa é toda unha referencia con trece podios na pasada tempada.

—Foi nomeada mellor deportista, como recibiu a noticia?

—Aínda o estou asimilando e preguntome por que a mín? Seguro que haberá mellores deportistas pero estou moi agradecida tanto ó Concello e o xurado como, sobre todo, o Club Ciclista Compostelano.

Este premio faime pensar que se te recoñecen o esforzo paga a pena continuar e intentar acadar máis títulos. É un gran empuxón.

—Como foron os seus comezos no ciclismo?

—É moi recente. Hai cousa de dous anos. Veño do mundo do fútbol que tiven que abandonar por unha lesión. Despois coñecín á miña parella que facía e fai ciclismo e foi por el que me introduxo neste deporte. De tanto acompañalo insístiame que probara decindo que para estar pasando frío e mollándose era mellor que subise á bicicleta.

—Como foi a compra da súa primeira bicicleta?

—Eu non sabía se me iba gustar así que invertín de xeito moderado. Empecé con unha bici de aluminio que pesaba máis ca min. Valía para pasear pero para competir non. Tiven que pasar a unha de carbono. A milloría foi grande.

—E debeulle gustar o da bicicleta porque non tardou en destacar.

—A progresión foi

moi boa. Ó ir acadando algún podio vas poñendo obxectivos maiores.

—O seu caso é dos que se pode dicir que un ciclista nace e non se fai?

—Hai os dous casos pero o compoñente máis grande é o de ter unhas cualidades innatas. Hai extraterrestres como Van der Poel ou Pogacar, pero teñen que ter unhas cualidades para chegar a donde están.

—Só se centra no ciclocrós ou aspira a competir en estrada?

—Na miña categoría de Master 30 faise algo en estrada e xa fun ás probas que puíden. Algún podio fixen pero ó haber tan poucas probas preguntáste se paga a pena entrenar e esforzarte para que despois non se organicen carreiras. Empecé no ciclocrós e vou probando distintas modalidades. De feito este ano cambiei de equipo. Empecé no Compostelano, do que non me quero desligar e aínda axudo en categorías base, pero agora corro no Club Oiense porque fai máis estrada e é moi importante contar con un grupo e non competir en solitario. Este ano a ver como se da a estrada.

“

“A nivel de seguridade no monte podes coller unha pedra

e caer ou perder o equilibrio e ir á cuneta pero na estrada se te dan un golpe... non o contas. Hai conductores un pouco perigosos e que non respectan. Da medo pero non podes pensar niso”

Hai outro nivel. As rapazas entrenan máis e algunhas ata son semiprofesionais.

—E se tivese que escoller entre ciclocrós ou estrada?

—A mín o que me gusta é o dinamismo. Agora pedaleo, agora hai que saltar da bici, agora toca correr... A estrada é sempre o mesmo, aínda que teñas que subir algún porto é máis monótono.

—E na súa experiencia en ciclocrós, cal foi o circuito máis difícil?

—Este ano corrín por primeira vez nas Pontes. É tremendo pero é precioso, cerca do lago con tramos de area e gravilla... gustoume moito pero é un circuito que pide moito esforzo.

—O balance da tempada non pode ser mellor para quen debutou hai dous anos.

—Doce podios. Non contaba. Competindo con Chus Barros, que é un gran referente. Solo con ir á súa roda e aprender dela era suficiente.

—E despois de xogar ó fútbol, que opina das esixencias do ciclismo?

—No ciclismo eres ti e ti. No fútbol tés quen te acompañe ou te cubra pero aquí é pedalear un e nada máis. Ademais tiven que cambiar a

alimentación. Adaptei-me ben. Antes das carreiras tomo hidratos e despois algún complemento alimenticio que me axude a recuperar.

—E como é o adestramento?

—Adáptome á tempada. Cando hai ciclocrós vou polo monte e algo de asfalto. En inverno tiro máis por sendeiros e monte e cando o tempo non deixa porque hai temporais tiro máis de rodillo. Cando chega a primavera vou máis polo asfalto.

—A dificultade do asfalto está na seguridade?

—A nivel de seguridade no monte podes coller unha pedra e caer ou perder o equilibrio e ir á cuneta pero na estrada se te dan un golpe... non o contas. Hai conductores un pouco perigosos e que non respectan. Da medo pero non podes pensar niso.

—A última pregunta é para a discriminación que vive o ciclismo feminino. Hai tantas diferenzas con respecto ó masculino?

—Claro que hai diferenzas. Vexo que houbo avances pero estamos estancadas en vez de seguir avanzado. Parece que cada vez se poñen máis trabas ós clubs, pídenselle máis papeis. O ciclismo de homes é máis popular pero o feminino sería semellante sempre que houberse o apoio de entidades e institucións e facilitasen a celebración de carreiras para non ter que desprazarse a León ou Asturias cada fin de semana para poder correr.



LUCAS GARCÍA PICÓN Atleta. Mellor deportista masculino de base

“A Carreira Pedestre de Santiago é moi importante para min”

VALENTÍN ÁLVAREZ
Santiago

Lucas García Picón alzou no Auditorio de Galicia o premio ao mellor deportista masculino de categorías base polo seu gran desempeño como triatleta na pasada tempada. Nella obtivo un bronce no Campionato de Europa Relevos Mixtos Youth, ao que acadou coa selección española coma xa é habitual, outro bronce na Campionato de Europa 2022, e convertiuse en campión mundial júnior en Pontevedra, cidade na que adestra co Centro Galego de Tecnificación Deportiva. Ademais, foi profeta na súa terra ao impoñerse na Carreira Pedestre de Santiago en categoría xuvenil.

Por desgraza, non todo foi alegría últimamente para Lucas, que en xaneiro sufriu un grave accidente durante un adestramento cos seus compañeiros do CGTD, do que continúa recuperándose mentres xa pensa en volver a competir ao máximo nivel.

Pese a nacer en Pontevedra, Lucas criou e estudou en Compostela.

VALENTÍN ÁLVAREZ
Santiago

Julia Salvado Diéguez obtivo nos VI Premios Deporte Santiago o galardón á mellor deportista feminina das categorías base. A santiaguesa adestra no Club Acade, compete en mushing, atletismo e montaña e viviu un 2023 cheo de triunfos. Os seus maiores éxitos neste ano chegaron na modalidade de mushing, conseguindo un ouro e unha prata no Campionato de España e a medalla de bronce no Campionato do Mundo de Mushing Terra Junior, facéndose embaixadora da súa cidade en todo o mundo.

Na gala do luns, Julia deixou un dos momentos máis fermosos, pois cando foi chamada pola concelleira Miriam Louzán para recollar o galardón subiu acompañada da súa cadela *Ryder*, coa que participa en varias disciplinas deportivas.

— Como valoras o premio á mellor deportista feminina en categoría base de Santiago?

— Fíxome moita ilusión que me outorgasen este premio, porque estiven, estou e estarei traballando moito para mellorar cada día en cada adestramento e en cada carreira. O feito de que me concedesen este premio fíxome ver que non vou mal encamiñada e que se sigo traballando así de duro podo conseguir calquera meta que me propoña.

— Como está sendo a túa experiencia co Club Acade?

la, polo que todos os éxitos que recibe na capital galega son especiais para el. Así o amosou o luns cando subiu ao escenario para recoller o trofeo da man de Toño Bermúdez (Cadena SER), e así llo trasladou a EL CORREO GALLEGO: “Sentínme moi ben, é a primeira vez que mo entregan. Facía tempo xa que non se facía a gala e estou súper contento. É a primeira vez que mo da o Concello de Santiago así que moi ben, moi contento”.

Lucas tivo moitas alegrías no 2023, comezando por un título de categoría mundial, pero para o xoven triatleta hai outros momentos tan especiais coma sorprendentes. Entre eles, a súa victoria na proba emblemática da súa cidade, a Carreira Pedestre, que sinala “é moi importante para min”, confirmando ademais que todos os éxitos que pode celebrar en Santiago teñen un sabor especial para el.

Agora Lucas está concentrado na súa recuperación despois de sufrir en xaneiro un duro accidente, e aínda que comenta que “vai todo ben” e xa está en Pontevedra comezando

pouco a pouco o seu regreso co CGTD, terá que agardar para volver ás pistas. “Aínda non sei cando competirei, non depende de min, pero vai todo ben”, sinala coa incertidume de cando volverá a estar ao cen por cen.

Aínda que non é doado encarar a presente tempada nestas situacións, o triatleta loitará por volver antes á competición e confía en acadar grandes éxitos no futuro.

Preguntado polas súas máximas aspiracións coma deportistas, Lucas non se pon ningún límite, pero si ten un obxectivo claro na súa mente: “Penso que un dos soños de todo deportista é participar nuns Xogos Olímpicos, pero é moi complicado. Un soño sería ese, pero espero cumprir os máximos posibles”, afirmou a promesa do atletismo santiagués.



“Penso que un dos soños de todo deportista é participar nuns Xogos Olímpicos, pero é moi complicado. Un soño sería ese, pero espero cumprir os máximos posibles”

JULIA SALVADO DIÉGUEZ Atleta. Mellor deportista feminina de base

“Grazas a practicar deporte con ‘Ryder’ o noso vínculo é moi especial e teño tolemia por ela”



“O feito de que me concedesen este premio fíxome ver que non vou mal encamiñada”

— A miña experiencia con ACADÉ é moi boa. Grazas a este club conseguín todos os éxitos, pois sempre están ahí (todos os seus integrantes) para apoiarme e hai moi bo rollo entre todos, o que fai que o ambiente estea sempre cheo de risas, anécdotas e experiencias moi bonitas.

— Na gala vivíuse un momento moi especial con ‘Ryder’. Como é a túa relación coa túa cadela?

— A miña relación con *Ryder* é moi boa e quéroa moitísimo. Grazas a practicar deporte con ela o noso vínculo é moi especial e teño certa tolemia por ela. Ambas as dúas complementámonos moi ben o que fai que a nosa relación sexa máis estreita e fagamos un bo equipo.

— Cales son os teus obxectivos para este ano?

— Actualmente os obxectivos que teño son varios. Dende prepararme para poder ir coa selección galega de montaña ao campionato de España que se fará o 4 e 5 de maio en Cataluña, ata prepararme moi ben fisicamente para o Campionato do Mundo de Mushing que terá lugar este ano en Italia a finais de outubro e onde intentaremos repetir podio ou melloralo.



O club captou a moitos rapaces e rapazas para revitalizar o equipo tras o duro golpe que supuxo a pandemia do covid na entidade deportiva / CDN

O equipo de natación compostelá completou a pasada campaña cun gran nivel e revitalizou as súas filas tras perder varias fichas despois da pandemia // Agora logrou recuperalas para encher de éxitos a capital galega

O rexurdir do Ciudad de Santiago

ANDRÉ COUCE
Santiago

O CDN Ciudad de Santiago foi recoñecido o pasado luns como a entidade deportiva máis destacada nos VI Premios Santiago Deporte. Un recoñecemento baseado non só nos títulos acadados, senón tamén a capacidade que amosou a entidade deportiva para captar novas fichas e recuperar a súa capacidade competitiva na elite.

Despois da pandemia, o Ciudad de Santiago entrou nun proceso difícil, xa que os seus deportistas sénior comezaron a abandonar o equipo e o club veu reducido o seu número de fichas e tamén pasou por certas dificultades económicas. O motivo que levou a esta perda de deportistas foi dado pola redución de horarios que houbo pola falta de espazos para todos os clubs que requiren do uso de piscinas para a práctica deportiva.

Pero o pesimismo nunca foi unha cualidade que defina a esta entidade e, por contra, os esforzos incrementáronse para captar a máis rapaces e rapazas. Deste xeito, o equipo renovábase e por riba atopaba moito talento en Compostela, o que permitiría comezar a traballar no obxectivo que sempre se tivo dende a fundación do club no ano 2010: crear unha cultura de natación en Santiago.

Os equipos de idades adultas desvanecíanse, pero os deportistas de base daban un salto cuantitativo e cualitativo que prometía e moito. Entre os nomes máis destacados que apareceron nesta nova camada de nadadores hai dous nomes moi

destacados, os de Xoel Parcerro e Agustín Orechia.

Parcerro, que agora continúa coa súa progresión no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, acadou todas as finais do Campionato de España de 2023 en Xixón, levando o nome da capital galega a todos os rincóns do país.

Pola súa banda, Orechia fixo o propio na mesma competición pero na edición deste ano, conseguindo ademais unha meta que levaba esperando dende hai tempo. O nadador logrou subir ao podio como segundo na categoría de 50 espalda, conquistando a medalla de prata júnior. Tamén estivo moi cerca de ac-

ceder a final absoluta con só 17 anos.

Os dous nadadores son o exemplo do bo facer do Ciudad de Santiago e os rapaces xa miran ás competicións internacionais como unha posibilidade real. O futuro para ambos é moi prometedor, pero o máis importante será recordar que foi neste club onde formaron a estes dous competidores natos.

Fora das individualidades, tamén cabe celebrar que a entidade compostelá tivo outros éxitos acadando medallas en categorías base tanto a nivel nacional como autonómico, demostrando que os máis pequenos veñen pisando forte e con ganas

de recrear os triunfos dos dous astros anteriormente mencionados.

Dende o club saben que agora mesmo en categoría absoluta non teñen a presenza de antes trala marcha que houbo despois da pandemia, pero con todos os éxitos que veñen desde abaixo as ilusións renóvanse coa idea de que os nadadores das categorías inferiores continúen coa súa progresión e poidan competir no futuro a nivel absoluto baixo o nome do Ciudad de Santiago.

Algúns nadadores formados na entidade compostelá chegaron a participar en competicións internacionais e a idea é que, pouco a pouco e traballando con moita ilusión na base, os rapaces e rapazas que formen poidan chegar a repetir o hito e leven o nome da capital galega por todo o globo.

En relación á traxectoria do club, cabe recordar que na súa fundación en 2010 arrancou con 65 licencias federativas, unha cifra que na actualidade casi triplica ao chegar ata as 193 que ten a día de hoxe. Poder superar a barreira das 150 permítele á entidade traballar ben e contar con varios competidores por categoría que axudan a fomentar a competitividade e o crecemento dos nadadores santiagueses.

Pronto chegaron os éxitos en categorías inferiores materializados en títulos autonómicos que xa comezaban a poñer o nome do club entre os mellores de Galicia na década da súa fundación, agurando un futuro moi prometedor que só se pudo ver empañado pola pandemia do covid.

Aínda así, outro problema recu-

rrente para o Ciudad de Santiago é que segue a espera de que se aumenten os espazos de piscina para os deportes acuáticos que tanto precisa a entidade e especialmente eles para contar con máis horarios de adestramento que lles permita traballar de mellor xeito con ese volume de deportistas que teñen e que parece que non vai deixar de medrar tempada tras tempada.

Neste aspecto, o club está a traballar e a procurar un estreitamento coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) a través de convenios e colaboracións mutuos, algo que lle interesa moito ao club xa que entenden que a partir dos 18 anos, na etapa universitaria, é cando comeza a haber problemas para conciliar deporte e estudos.

Un exemplo desta unidade que se comeza a forxar vivíuse recentemente cando Compostela foi sede do Campionato Galego Universitario de natación que acolleu a USC. O Ciudad de Santiago colaborou neste evento para que se realizase do mellor xeito posible.

Poder atopar unha vía que poda manter aos nadadores máis exitosos na cidade e unha das motivacións principais que se está a procurar coa USC. Un exemplo claro está co propio Agustín Orechia, que podería marchar a unha universi-

Xoel Parcerro e Agustín Orechia son as dúas perlas do club que xa destacaron en finais a nivel nacional

O obxectivo da entidade deportiva é crear unha cultura de deportes de piscina na capital galega

dade estadounidense para seguir a súa formación académica e deportiva, algo que dende o club entenden perfectamente pola gran posibilidade que supón.

A curto prazo, na entidade deportiva queren conseguir que os seus deportistas non teñan que marchar e poidan vivir unha carreira deportiva plena e exitosa en Compostela, ofrecendo unhas condicións de elite para os nadadores.

A nivel nacional, o nome do Ciudad de Santiago colle forza día a día e, sen dúbida, este club xa é un dos grandes nomes deportivos da capital galega cando todavía non cumpre a súa maioría de idade. Dende este momento ata que chegue esa etapa de ‘adultez’ como club, os éxitos seguirán a acompañar á historia e cultura da piscina que están a crear en Compostela.

Agora e máis que nunca, Compostela debe volcarse co Ciudad de Santiago para asentalo como un dos grandes equipos nacionais por todo o que está a dar a capital galega e polo duro proceso do que logrou rexurdir e do que sae máis forte. E o primeiro paso para poñelos en valor é este recoñecemento como a entidade deportiva máis destacada dos Premios Santiago Deporte.

INSTALACIÓNS

UN CLUB CERCANO AO CONCELLO PARA CONSEGUIR MÁIS PISCINAS

●●● O CDN Ciudad de Santiago insiste na imperiosa necesidade de aumentar o número de piscinas de Compostela, xa que os espazos escasean para a práctica de deportes acuáticos, tanto para eles como para o resto de clubs que dedican total ou parcialmente as súas actividades á piscina.

●●● Tras varios proxectos propostos polas diversas corporacións que pasaron por Santiago e que nunca chegaron a materializarse, dende o club esperan que dunha vez por todas se constrúa unha nova piscina en Compostela ou que, polo menos, poida haber unha ampliación das que hai para que haxa máis espazos e horarios para a actividade deportiva.

●●● Dende o club afirman que sinten un trato de maior cercanía ca actual concelleira de Deportes, Pilar Lueiro, e consideran que as pretensións que teñen de cara a mellorar e ampliar instalacións poderían chegar a darse cos actuais dirixentes, xa que hai máis diálogo directo.

Considerado o mellor xogador español da historia do squash, recibiu o Premio Honorífico á Traxectoria Deportiva // Anunciou a súa retirada a comezos de maio de 2023



icipou en 2019 no subcampeonato de Birmingham (Reino Unido) e no bronce de 2018 en Wroclaw (Polonia).

Estes serían os principais logros de Golán na súa carreira, pero para l hai moitos máis momentos especiais, coma admitiu nunha entrevista concedida a EL CORREO GALLEGO tralo anuncio da súa retirada. Entre eles, destacaba “a primeira vez que gane un campionato de España, sub 10, en Oviedo” ou “cando xoguei na casa un torneo internacional, en Área Central, diante da miña xente. O primeiro ano lesioneime no primeiro partido, iba de número un e foi duro. Un ano ou dous despois volví, e poder gañalo diante da túa xente quizais é un dos momentos máis felices da miña carreira”.

UNHA INTERVENCIÓN PARA O RECORDO.

Borja Golán foi o último premiado da gala en recoller o seu premio, deixando unha intervención que non será olvidada polos asistentes. Comezou, como é habitual, polos agradecementos: “Quero agradecer ao Concello de Santiago por este recoñecemento, unha cidade que sempre levei con moito orgullo alá por onde iba. Agradecer a miña familia, ó meu club, adestradores, compañeiros, institucións e patrocinadores polo seu continuo apoio todos estes anos, sen eles non tería conseguido nada disto”, declaraba a estrela do squash.

Como deportista con miles de recordos na súa carreira, Golán asegurou que o seu maior logro é o seguinte: “Eu digo que son as experiencias que me brindou o deporte. Non só as boas, senón tamén as negativas. Sen derrotas, sufrimento e algunha que outra lágrima os momentos de felicidade non serían tan intensos. E esos momentos de felicidade plena merecen todos os nosos esforzos”.

Antes de dar paso á intervención da alcaldesa Goretti Sanmartín, coa que se pechou a gala, Borja Golán mandou un sabio mensaxe a sociedade e deu uns últimos agradecementos: “O deporte é fundamental para crear unha sociedade forte, honesta e feliz. Así que grazas a todos os que fan isto posible, por promover o deporte e por facernos un pouquiño máis felices”.

Borja Golán: “Sen sufrimento os momentos de felicidade non serían tan intensos”

VALENTÍN ÁLVAREZ
Santiago

Borja Golán (1983, Santiago), considerado o mellor xogador español da historia do squash, recibiu o pasado luns o Premio Honorífico á Traxectoria Deportiva nos VI Premios Deporte Santiago, tras anunciar en maio do 2023 a súa retirada das pistas de xogo tras dúas décadas competindo ao máximo nivel. A día de hoxe, é profesor da mesma disciplina na Golán Squash Academy, na que recibe a grandes promesas procedentes de todas partes do mundo.

O seu currículo é máis que envidiable e moi difícil de resumir, pero hai unha serie de datos que reflexan á perfección a grandeza da súa figura. Ao longo da súa carreira, na que se contan 20 tempadas, Borja disputou 548 partidos, dos que gañou 357 (o 65,15%). Xogou un total de 43 finais en competi-

cións da Professional Squash Association (PSA), alzando en 32 ocasións o título. Ademais, situouse entre o top 20 mundial durante máis de nove anos, foi o primeiro xogador de fala hispana en entrar no top 10 (onde estivo durante 27 meses) por setembro do 2009, e mesmo chegou a ser o número 5 en abril do 2014.

E isto último non foi sinxelo, pois nese primeiro salto ao top 10 chegou unha das peores novas posibles para un deportista: unha rotura de ligamento cruzado. Con ela e o consecuente repouso que o ausentou da competición, Borja caeu ata a 106ª plaza do ranking en apenas oito meses. “Pasei sete días agardando para saber quen me iba operar, cando o faría, os prazos da recuperación... Ao sabelo centreime niso comecei a motivarme coa recuperación. Ao final un deportista necesita obxectivos e cando sabes que algo vai por prazos esforzaste e pensas en cumprilos”, dicía o

propio Golán sobre aquela lesión. E o certo é que cumpriu co dito, pois non só volveu ao seu mellor nivel, senón que o superou para colarse nese top 5 mundial cinco anos despois de entrar no top 10.

Individualmente, algúns dos torneos que máis contribuíron a acadar as anteriores clasificacións foron os seguintes: O Aberto de Hong Kong de 2013, no que foi finalista; A mesma competición no 2014, o Aberto de Qatar de 2013 e o Aberto de Windy City - Chicago de 2017, nos que foi semifinalista; E os Campionatos do Mundo e outros torneos Súper Series, nos que quedou cuarto finalista dúas e catro veces respectivamente. Tamén foi subcampión do Aberto de Kuwait de 2013 (50k).

O seu debut en torneos PSA produciuse en maio do 2002, cando disputou o Aberto de MegaItalia (6k) en Brescia, aínda que o seu primeiro título nestas competicións chegaría

en 2006 co Aberto CAS International celebrado en Islamabad (Pakistán). E este foi só o primeiro de catorce éxitos en torneos PSA, pois despois do título pakistaní chegaron os seguintes: Aberto de Sporta, Guatemala,

en 2016; Aberto de Montreal, Canadá, en 2013 e 2018; Aberto de Manitoba, Canadá, en 2012 e 2008; Aberto de Santiago en 2008 e 2011; Aberto Motor City Open de Detroit EEUU en 2009; Aberto de Dayton EEUU, en 2013; Aberto de CCI International en Bombay, India, en 2015; Aberto de Windy City en Chicago, EEUU, en 2012; Aberto de España en Tenerife en 2008; e Aberto de Bogotá, Colombia, en 2007.

Estes son os trofeos máis grandes que obtivo pola súa conta Borja Golán, pero o seu papel na selección española tampouco foi menor. Nela é toda unha lenda, pois participou en 21 campionatos europeos de forma consecutiva dende 1999. Representando a España, individualmente tamén foi campión de Europa en dúas ocasións: no 2016 en Praga (República Checa) e no 2018 en Graz (Austria), sumando ademais catro subcampeonatos. Nos logros colectivos por países, par-